

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 23 DE XUÑO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e tres de Xuño do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 16/06/2022

**2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE –
ASHRAF TEHMINA**

Visto o escrito presentado por **Ashraf Tehmina**, de data 17/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.740), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (remolque) de 3 m. x 2 m. (kebabs/bocadillos), os días 24 e 25/06/2022, en Castiñeiras, co motivo da celebración da festa de San Xoan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Autorizar** a **Ashraf Tehmina** para a instalación dun posto de venda ambulante (remolque) de 3 m. x 2 m. (kebabs/bocadillos), os días 24 e 25/06/2022, en Castiñeiras, co motivo da celebración da festa de San Xoan.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 10.06.2022:

1041 23.01.2019 DIEGO ROMANO REGUEIRA, cierre de parcela en lugar da Ponte, Sanchanas, Artes.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 14.06.2022:

9130 12.05.2022 LUIS ALBERTO FERNÁNDEZ MARQUES, sustitución de pavimento interior, en rúa Fonte, 6-B, Corrubedo.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 16.06.2022:

8454 02.05.2022 FRANCISCA SANTOS SAMPEDRO, pintado exterior de vivienda, en rúa da Fontenova, 6, Corrubedo.

9317 16.05.2022 MARÍA ELENA CASAR QUIROGA, rehabilitación interior, en Avda. Malecón, 1-ático izqda., Ribeira.

9398 18.05.2022 ECOGAL ENERGIAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA S.L., instalación paneles solares fotovoltaicos de autoconsumo en cubierta de la vivienda situada en rúa da Concha, 8, Castiñeiras.

9495 19.05.2022 SILVIA DIESTE VILAS, pintado de fachadas y limpieza de tejado en rúa Cerca, 44, Aguiño.

9537 20.05.2022 CDAD. PROP. GEN. ED. RÚA VILAR 37, pintado de fachada en rúa do Vilar, 37, Palmeira.

9623 23.05.2022 ELISEO PAMPIN RAMALLO, renovación de tejado en vivienda, rúa Sidreiras, 13, Ribeira.

9642 23.05.2022 JUAN FERREIRO GARCÍA, reparación de tejado en Fonterramil, 38, Castiñeiras.

4.- ACORDO DE LEGALIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO TURÍSTICO. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE MONTE TAHUME, RIBEIRA. PROMOTOR: MANUEL ROMERO PÉREZ.

VISTA a solicitude formulada por **D. Manuel Romero Pérez** para **legalización de INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO TURÍSTICO** no lugar de **Monte Tahume**, Ribeira, nos



termos do proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Antonio Bouzas Castro, colexiado nº 4832.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe emitido con data 16 de xuño de 2022 polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación D. Manuel Sabín Sabín, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 17/06/2022.

ACREDITADO que según o expediente posto de manifesto a esta Secretaría o mesmo conta co informe favorable dos organismos competentes en materia de **Turismo e Patrimonio**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR a legalización de **INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO TURÍSTICO** no lugar de **Monte Tahume**, Ribeira, incoada a instancia de **D. Manuel Romero Pérez**, nos termos do proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Antonio Bouzas Castro, colexiado nº 4832, e según informe favorable dos organismos competentes en materia de **Turismo e Patrimonio**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

-CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de



Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en



tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

5.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Isabel García Gude

Visto o escrito presentado por **María Isabel García Gude**, de data 05/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.668), no que solicita certificación urbanística en relación á superficie de terreo cedida a dominio e uso público con motivo de peche de parcela (Lic. Obras nº 106/2011).

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 24/05/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Referencia catastral: 15074A009000970000KY

Situación: Avioso –A Mámoa (Carreira)

Se solicita certificación do terreo cedido a dominio e uso público unha vez retranqueado o peche de finca arriba referenciado. Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, tomadas medidas e cotexadas cos planos obrantes na Oficina Técnica, se pode afirmar que o terreo cedido arroxa unha superficie de 17,84 m².

6.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José María García Pérez

Visto o escrito presentado por **José María García Pérez**, de data 05/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.668), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Castro – Cuvelo, ref catastral nº 15074A001001970000KT.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 14/06/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A001001970000KT que está clasificada como **SUELO de NUCLEO RURAL POCO CONSOLIDADO Tipo C**, con las siguientes determinaciones:

Para la parte afectada como Suelo de Núcleo



Artículo 135: Norma del suelo de núcleo rural poco consolidado.

SNR-C - Definición. Norma zonal S.N.R.-C

Comprende esta norma zonal aquellas áreas en las que existen indicios de residencia agraria y que con objeto de que se integren en el ámbito del núcleo rural existente, se limitan sus posibilidades de desarrollo denso, pudiendo admitirse su edificación en baja densidad de forma que no se pueda generar otro núcleo de población.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

Conservación

Consolidación

Rehabilitación

Restauración

Ampliación

Obra nueva.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada. Se mantendrá el tipo de edificación existente en el entorno, no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 800 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie, pero se permitirá computar aquellas partes de la parcela que estuviesen dentro de otro tipo de suelo rústico. No obstante la posición de la edificación quedará enteramente dentro del área de esta norma zonal.

Frente mínimo: Será de 10 m.

Condiciones de ocupación

Posición: La posición de la edificación quedará retranqueada:

Respecto a los linderos 3 metros, se permitirá adosar a linderos en los casos en los que exista edificación anterior a la publicación de esta normativa, o bien, previo acuerdo con los colindantes exigiendo documento que lo acredite.

La alineación serán las líneas de cierre según la vía resultante de ordenación del sistema viario del término municipal.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 25 % de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,35 m²/m²

Altura de la edificación



Número plantas: bajo + una, permitiéndose la utilización del bajo cubierta, computando edificabilidad todos aquellos especiales de altura superior a 1,50 m. Se permite además la construcción de planta sótano.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 sobre el último forjado.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Solo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro.

En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 80 % de su superficie.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelos permitido con balcones y terrazas. En el resto de los caso su dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación a partir de 30 m². Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,3 metros.

Condiciones ambientales y estéticas.

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

Aparcamientos.

Se exigirá la creación de un aparcamiento, dentro del terreno de la propia parcela, por cada vivienda, con acceso desde la vía rodada, pudiendo estar cubierto o no.

Si bien de acuerdo con el Texto Refundido de la Ley del Suelo Estatal, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008 de 20 de Junio y en concreto en el Art. 12.4. Es Suelo Urbanizado por estar incluido en los núcleos rurales tradicionales y reconocidos por el propio PGOM atribuyéndosele la condición de **SUELO URBANO** o asimilada al contar con las dotaciones, infraestructuras y servicios requeridos al efecto. Por lo que, al tener esta condición y



tratarse de una parcela situada en Suelo de Núcleo Rural, con todos los servicios que requiere la ley, se le considera como **Solar** a los efectos.

7.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Domingo Paz Paz

Visto o escrito presentado por **Domingo Paz Paz**, de data 21/01/2022 (Rexistro de entrada nº 1.029), no que solicita certificación urbanística en relación a parcela con ref. catastral nº 15074A022020080000KM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 14/06/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademais para este caso concreto, no que se sinala unha finca de Polígono 22 e número de finca 2.008 de referencia catastral 15074A022020080000KM na paraxe de A CERCA que está clasificada como **SOLO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR ILLADO Tipo A** nun 50 % da súa superficie e no outro 50 % como **SOLO RÚSTICO**.

8.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORES: ANA TORRES LOSADA, CARLOS GUILLERMO AYASO SAINZ, MANUEL TORRES FERNÁNDEZ DE SANMADED E FÉLIX GÓMEZ POTEL. LUGAR: Lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira

VISTA a solicitude de **licenza de segregación de fincas** a instancia de **Dña. Ana Torres Losada** (DNI 36.117.292-R), **D. Carlos Guillermo Ayaso Sainz** (DNI 52.931.193-M), **D. Manuel Torres Fernández de Sanmamed** (DNI 53.483.205-V) e **D. Félix Gómez Potel** (DNI 76.863.933-A), en escrito rexistrado de entrada o día **2 de xuño de 2022**, (Rexistro de entrada nº 10.258), con refª catastral nº 15074A007012340000KZ, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, achegándose Memoria Técnica de Segregación de fincas de maio de 2022 redactado por D. Miguel Martínez Castro (col.2.325), así como Escritura de propiedade.

ACREDITADO que consta no expediente plano e a **acta de cesión** emitidos pola oficina técnica os días **10 de febreiro e 7 de marzo de 2022**, así como **contrato de cesión asinado** por asinado por Dña. Ana Torres Losada (DNI 36.117.292-R), **D. Carlos Guillermo Ayaso Sainz** (DNI 52.931.193-M), **D. Manuel Torres Fernández de Sanmamed** (DNI 53.483.205-V) e **D. Félix Gómez Potel** (DNI 76.863.933-A) o día **9 de marzo de 2022** que comprende unha superficie total de cesión de **67,00 m²**, resultando na franxa sita na Finca B unha superficie de cesión de 25,00 m² e na Finca C unha superficie de cesión de 42,00 m².

VISTO o **informe técnico** emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con data **2 de xuño de 2022**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **3 de xuño de 2022**



VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **17 de xuño de 2022**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3.a RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adoptar o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Ana Torres Losada, D.Carlos Guillermo Ayaso Sainz, D. Manuel Torres Fernández de Sanmamed e D.Félix Gómez Potel a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 4/22)** con refª catastral nº 15074A007012340000KZ, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, nos termos do Memoria Técnica de Segregación de fincas de maio de 2022 redactado por D.Miguel Martínez Castro (col. 2.325), así como Escritura de propiedade, resultando finalmente tres (3) fincas do seguinte modo:

-FINCA MATRIZ con refª catastral nº 15074A007012340000KZ, de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 5.545,00 m².

-FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

- **FINCA A** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta e neta de 1.195,00 m².
- **FINCA B** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 2.722,00 m², unha superficie de cesión de 25,00 m² resultando unha superficie neta de 2.697,00 m².
- **FINCA C** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.628 m², unha superficie de cesión de 42,00 m² resultando unha superficie neta de 1.586,00 m².
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Consta contrato de cesión asinado por Dna.Ana Torres Losada (DNI 36.117.292-R), D. Carlos Guillermo Ayaso Sainz (DNI 52.931.193-M), D. Manuel Torres Fernández de Sanmamed (DNI 53.483.205-V), D. Félix Gómez Potel (DNI 76.863.933-A) o día 9 de marzo de 2022 que comprende unha superficie total de cesión de **67,00 m²**, resultando na franxa sita na Finca B unha superficie de cesión de 25,00 m² e na Finca C unha superficie de cesión de 42,00 m².

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**.



TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

9.- AUTORIZACIÓN EVENTOS MUSICAIS EN PALMEIRA – Chiringuito “Mamajuana Beach”

AUTORIZACIÓN EVENTOS MUSICAIS EN PALMEIRA – Chiringuito “Mamajuana Beach”

Visto o escrito presentado por David del Nacimiento Romero en representación do establecemento hostaleiro **Chiringuito “Mamajuana Beach”**, de data 14/06/2022 (Registro de entrada nº 11.310), no que solicita autorización para a realización de dous eventos musicais (Sesión Dj) en parcela onde se empraza o establecemento hostaleiro Chiringuito “Mamajuana Beach”, praia de Río Azor (Palmeira), os días 23 e 24/06/2022, de 16:00 h. ás 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a David del Nacimiento Romero en representación do establecemento hostaleiro **Chiringuito “Mamajuana Beach”**, á realización de dous eventos musicais (Sesión Dj) en parcela onde se empraza o establecemento hostaleiro Chiringuito “Mamajuana Beach”, praia de Río Azor (Palmeira), os días 23 e 24/06/2022, de 16:00 h. ás 23:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

10.- AUTORIZACIÓN FESTA DO PERCEBE DE AGUIÑO – Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 17/06/2022, relativa á autorización para a celebración da Festa do Percebe de Aguiño o día 31/07/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar a celebración da “Festa do Percebe” e, así mesmo, autorizar a ocupación das inmediacións da lonxa de Aguiño para realizar a Festa do Percebe o día 31 de xullo en Aguiño.
- Solicitar no seu nome (Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.000 m2 nas inmediacións da lonxa de Aguiño para colocar unha carpa, iniciando a montaxe o día 30 de xullo e a retirada o 01 de agosto, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño).

11.- AUTORIZACIÓN FEIRA VIAMARE STOCK – Asociación de Empresarios de Riveira

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 17/06/2022, relativa á autorización para a celebración da Feira Viamare Stock os días 12, 13 e 14/08/2022, no Malecón de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorización para a celebración da “Feira Viamare” no Malecón de Ribeira.
- Solicitar no seu nome (Asociación de Empresarios de Riveira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 850 m2 no Malecón de Ribeira (preto de capitania) para colocar haimas de 5 x 5 cada unha delas (nº aproximado de haimas entre 19 e 23), iniciando a montaxe o día 9 de agosto e a retirada o 15 de agosto, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Riveira).

12.- AUTORIZACIÓN RODAXE 2ª TEMPADA DE "OPERACIÓN MAREA NEGRA" NO CONCELLO DE RIBEIRA (Palmeira, Ribeira, Aguiño e Corrubedo).

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 16/06/2022, relativa á autorización para autorizar a rodaxe da 2ª tempada de “Operación Marea Negra” en diferentes lugares do Concello de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Prestar o seu consentimento para atender as necesidades presentadas pola produtora Ficción Produccións, para realizar as grabacións da segunda tempada da serie “Operación Marea Negra” nos exteriores das parroquias de Palmeira, Ribeira, Aguiño e Corrubedo.
- Autorizar aos diferentes departamentos do Concello como Turismo, GAEM, Policía,... a facilitar e apoiar á productora en canto a permisos, autorizacións e temas loxísticos sean necesarios.



13.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA E CORTE DE VIAS PÚBLICAS CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN NA HONRA DA PERPETUO SOCORRO (RIBEIRA) – A.V.B. Bandourrío

Visto o escrito presentado por José Ramón Oujo Martínez en representación da **A.V.B. Bandourrío**, de data 17/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.717), no que solicita autorización para a ocupación de vía pública e corte de vías públicas co motivo da celebración na Honra da Perpetuo Socorro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorización para ocupar a Praza de Teruel o día 26/06/2022 desde as 10:00 h. ata as 15:30 h. con varios postos artesanais, así como un Dj.
- Autorización para cortar a rúa Manzanares no tramo que pasa pola praza de Teruel dende a Rúa Romero ortiz, dando servizo de acceso á rúa dende a Praza de Pontevedra, co obxecto de ter o menor tráfico posible para o bo desenvolvemento do evento. En todo momento deberán ter dispoñibles o acceso para entrada/saída de garaxes dos veciños afectados.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

14.- AUTORIZACIÓN AMPLIACIÓN DÍAS FESTAS DE CARREIRA E INSTALACIÓN DE INCHABLES – María Astrid Dios Folgar

Vistos o sescritos presentados por **María Astrid Dios Folgar**, de data 17/06/2022 (Rexistros de entrada nº 11.629 e 11.630), nos que solicita autorización para ampliación da celebración das Festas de Carreira os días **25** e 26/06/2022, así como autorización para a instalación de inchables o día 26/06/2022, co motivo da celebración das festas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ampliación da celebración das Festas de Carreira os días **25** e 26/06/2022
- Autorizar a instalación de inchables o día 26/06/2022, co motivo da celebración das festas

15.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN –OBRADOIRO VERÁN EN DANZA RIBEIRA 2022

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 17/06/2022, na que solicita a aprobación da celebración do **Obradoiro Verán en Danza Ribeira 2022**, así como prazos de matrícula, normativa de admisión, prezos públicos e bonificacións.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/06/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. **Autorizar a celebración do Obradoiro Verán en Danza Ribeira 2022.**



2. **Aprobar** os prazos de matrícula, segundo o contido da citada proposta.
3. **Aprobar** a normativa de admisión, segundo o contido da citada proposta.
4. **Aprobar** os prezos públicos sinalados e a bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como o procedemento de realización do pagamento; segundo o contido da citada proposta.
5. **Publicar un anuncio** que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

16.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN _ PROGRAMA PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 17/06/2022, relativa á Resolución de Presidencia núm. 2022/25825, de 30 de maio de 2022, da Deputación Provincial de A Coruña pola que se aproban as bases reguladoras do Programa PEL-CONCELLO-Axudas ao sector das orquestras e verbenas, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 102, de 31 de maio de 2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. **Participar e solicitar unha axuda conforme as bases do Programa PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS destinada a financiar o caché das orquestras Platinum e Pontevedra baixo o título "Verbenas das Festas de Verán de Ribeira".**
2. **Facultar a Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.**

18.- ACORDO DE OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTEDURA - POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A.

REDE DE SANEAMENTO: REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO

EXPEDIENTE: 2021VERT000004

SOLICITANTE: POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Julieta Gundín Fandiño (**2147***), en representación de Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A. (**5399***), de data 9 de abril de 2021 (entrada núm. 5.429), mediante o que solicita permiso municipal de vertedura para unha actividade de tanatorio, localizada no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, parcela de referencia catastral 15074A938011530000UR, escrito de data 9 de abril de 2021.



A empresa xestora do Servizo de Abastecemento e Saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U., realizou, xunto co persoal asignado do Concello, unha inspección das instalacións o día 26 de maio de 2021, para comprobar que as actividades realizadas pola empresa cumpren os requisitos necesarios para a concesión do permiso de verteduras.

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Julieta Gundín Fandiño, en representación de Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., de data 9 de xuño de 2021 (entrada núm. 9.625), mediante o que achega unha parte da documentación adicional requirida a raíz da inspección efectuada polos servizos técnicos en data 26 de maio de 2021: fichas técnicas de produtos de limpeza e outros.

Escrito presentado a través da sede electrónica deste Concello por Julieta Gundín Fandiño, en representación de Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., de data 16 de xuño de 2021 (entrada núm. 10.495), mediante o que achega documentación adicional requirida a raíz da inspección efectuada polos servizos técnicos en data 26 de maio de 2021: certificado de recollida de tóners.

Escrito de Alcaldía de data 17 de xuño de 2021 (saída núm. 4.116), mediante o que se lle remite a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. copia da documentación presentada pola interesada, e se lle solicita a emisión de informe sobre o expediente de permiso de vertedura de Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A.. Notificación electrónica practicada na data do 20 de xuño de 2021.

Informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., asinado por Lucía Gómez Rivas, en calidade de Técnica de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 3 de maio de 2022), e por Casimiro González Fernández, en calidade de Xerente de Concesións (sinatura electrónica de data 3 de maio de 2022), achegado mediante oficio desa mesma data (entrada núm. 8.482).

Informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., asinado por Lucía Gómez Rivas, en calidade de Técnica de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 8 de xuño de 2022), achegado mediante oficio de data 15 de xuño de 2022 (entrada núm. 11.495). Este informe substitúe o achegado en data 3 de maio de 2022, emendando erros detectados.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia
- Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira (OVR)
- Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento (OFR)

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS



Establece o artigo 9 da OVR, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”

Establece o artigo 16 da OVR, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)”

Establece o artigo 17 da OVR, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.
3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.
4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:
 - a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixiadas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.
 - b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.
 - c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.
5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.
6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”

Establece o artigo 18 da OVR, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: “O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.
- e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.



f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración.

g) Horario de vertedura.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura.

Seránlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero.

Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deba remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. ACORDO

Visto o informe final referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., asinado por Lucía Gómez Rivas, en calidade de Técnica de Control de Verteduras (sinatura electrónica de data 8 de xuño de 2022), achegado mediante oficio de data 15 de xuño de 2022 (entrada núm. 11.495).



Visto que a visita de inspección ás instalacións se realizou na data do 26 de maio de 2021, en compañía do Técnico Municipal de Medio Ambiente deste Concello.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 16/06/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- OUTORGAR PERMISO MUNICIPAL DE VERTEDEIRA Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO (REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE RIBEIRA) Á EMPRESA POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A. PARA AS SÚAS INSTALACIÓNS LOCALIZADAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS (ESTRADA RIBEIRA-NOIA), RIBEIRA.

PERMISO DE VERTEDEIRA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmóble, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A.

CIF/DNI: **5399***

CNAE: 9603 Pompas fúnebres e actividades relacionadas

Enderezo da instalación obxecto da solicitude: Polígono Industrial de Xarás (Estrada Ribeira-Noia), Ribeira

Enderezo social: praza de Pontevedra, 19, P2, 15003, A Coruña

Referencia catastral: 15074A938011530000UR

Consumo de auga: 383,25 m³/ano.

Caudal medio mensual: 31,50 m³/mes.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: Clase 1- Grupo 0. Servizos.

As augas residuais estarán formadas por augas residuais fecais asimilables a domésticas procedentes dos aseos e limpeza das instalacións.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

A instalación conta con acometida á rede de saneamento municipal. Conta con conexión separativa á rede de pluviais municipal.

As augas residuais vertidas a través da acometida da empresa están formadas por augas residuais asimilables a domésticas procedentes dos aseos e limpeza das instalacións.



As augas pluviais, procedentes de tellados e explanadas, sendo estas augas non susceptibles de afección, están totalmente segregadas das augas residuais.

As coordenadas UTM das conexións da empresa son as seguintes:

PUNTOS DE CONEXIÓN	COORDENADAS
Acometida de augas residuais	X: 499970,2273; Y: 4713489,3999
Acometida de augas pluviais	X: 499957,8792; Y: 4713513,6105

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Memoria descriptiva da actividade:

A empresa Pompas fúnebres del Noroeste, S.A. dedícase ás pompas fúnebres e actividades relacionadas.

O proceso desenvolto pola empresa, resúmese en ofrecer os servizos esenciais relacionados coas pompas fúnebres.

Actualmente, a empresa non conta co servizo de incineración e cremación, polo tanto, o consumo de auga débese exclusivamente ao uso de aseos, vestiarios e limpeza das instalacións.

Balance de augas:

As augas residuais estarán formadas por augas fecais e de limpeza das instalacións asimilables a domésticas.

O caudal de augas residuais de tipo asimilable a doméstica fórmano as augas procedentes dos aseos, vestiarios e limpeza das instalacións.

O caudal de auga vertida, considérase practicamente idéntico ao caudal consumido de auga potable. O caudal total estimado de augas residuais vertidas é de 383,25 m³/ano, cun caudal medio de 1,05 m³/d.

A empresa non conta con augas residuais industriais, debido ao tipo de actividade que desenvolve.

As augas pluviais recollidas na parcela, consideradas augas brancas, non susceptibles de afección, envíanse á rede de pluviais do Polígono Industrial tras ser recollidas mediante canalóns e baixantes que se dirixen aos saneamentos horizontais de PVC.

A empresa verte augas pluviais de forma separativa á rede de pluviais municipal. As augas pluviais vertidas, considerando que son as augas recollidas na cuberta e explanada que forman parte da instalación, foron calculadas, estimando un caudal máximo de 142,34 m³/h. A empresa non aporta o cálculo xustificativo nin a estimación media anual do caudal de augas pluviais.

A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no período máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso municipal de vertedura.

Sistemas e unidades de tratamento das augas residuais:



As augas residuais asimilables a domésticas, procedentes dos aseos, vestiarios e limpeza das instalacións, son vertidas directamente á rede de saneamento municipal. A empresa conta cun bombeo interior, previo á conexión coa rede municipal de saneamento.

As augas pluviais, consideradas augas brancas, non susceptibles de afección son recollidas na parcela e conducidas á rede de saneamento municipal de augas pluviais.

A empresa non conta con ningún tipo de pretratamento das augas residuais xeradas.

Vertidos finais á rede de sumidoiros:

A vertedura final de augas residuais está formada unicamente polas augas asimilables a domésticas. As augas pluviais son vertidas á rede de saneamento municipal de augas pluviais.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da OVR.

Deberase limitar na medida do posible o vertido de sólidos á rede de saneamento (produtos sanitarios, desperdicios...), facendo bo uso da recollida selectiva de residuos. A cantidade de sólidos grosos no vertido debe ser inapreciable.

Os parámetros mínimos a analizar e os límites de aplicación serán os seguintes:

PARÁMETROS ANALÍTICOS					
Parámetro	Límite de verteduras				Unidades
	Valor	Medio	Diario	Valor Instantáneo	
Conductividade (25°C)	5.000			5.000	µS/cm
pH	5,5-9			5,5-9	Ud pH
DQO	1.000			1.500	mg/L
DBO ₅	500			1.000	mg/L
Sólidos en	500			1.000	mg/L
Nitróxeno amoniacal	30			50	mg/L
Fósforo total	40			40	mg/L
Aceites e graxas	100			150	mg/L

A continuación detállanse os resultados das mostras tomadas da auga de vertido do conxunto de verteduras:

DATA	pH	Conductiv.	DBO	DQO	SST	N. Amoniacal	P total
09/06/2021	6,8	150	99	211	119	4,0	1,5
Límites aplicables	5,5-9	5.000	500	1.000	500	30	40
Unidades	U. pH	us/cm	mg O ₂ /L	mg O ₂ /L	mg/L	mg/L	mg/L

A mostra tomada non amosa incumprimento algún nos parámetros estudados.



f) Límites cuantitativos da vertedura:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura será o valor máis restritivo, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da OVR e do anexo II do RMAG, segundo táboa do anexo I. A empresa deberá garantir o cumprimento destes parámetros na auga de vertido á rede de saneamento.

Estes son os límites aplicados no apartado anterior, no que non se observan incumprimentos nos parámetros analizados. Nas seguintes analíticas realizadas, a empresa deberá continuar establecendo todos os parámetros dentro dos límites establecidos.

Deberase limitar na medida do posible o vertido de sólidos á rede de saneamento, facendo bo uso da recollida selectiva de residuos. A cantidade de sólidos grosos no vertido debe ser inapreciable.

Deberá continuar coa xestión dos residuos xerados na instalación. Non se considera necesario establecer melloras adicionais en canto a seguridade e almacenamento.

Analizando os consumos de auga potable, determínase que non hai que sinalar ningunha limitación en relación co caudal nin co horario de descarga. O volume medio anual é de 383,25 m³/ano, polo que o volume diario é de 1,05 m³/d. O caudal punta horario estimado pola empresa é de 5,76 m³/h.

g) Horario de vertedura:

Variable, aínda que limitado a un horario diúrno.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

Atendendo ao artigo 31 do RMAG, a mostra tomarase da arqueta de rexistro se existise, no último punto accesible de saída de augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de sumidoiros e a calquera dilución.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde conecta a súa acometida de saneamento, son as seguintes: X: 499970,2273; Y: 4713489,3999. A empresa conta cun pozo de bombeo interior que se podería utilizar para a toma de mostra en caso de non ser posible a recollida no pozo de rexistro mencionado.

En relación á realización de autocontrois por parte do titular do permiso, o Servizo considera que dita instalación non leva asociado un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento e depuración, polo que non é necesario un autocontrol por parte do titular.

Debido ás características cuantitativas e cualitativas do vertido, non se considera necesaria a toma de mostras automáticas. A Administración poderá instalar un equipo de toma de mostras automático co fin de tomar mostras integradas nas labores de inspección.



i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso e outros condicionantes:

No momento actual a empresa cumpre cos límites de vertedura especificados na proposta de permiso.

O permiso está condicionado ao cumprimento das esixencias que se establecen nesta proposta e no informe emitido pola empresa xestora do Servizo de Saneamento.

En relación coas verteduras establécense os seguintes condicionantes e prazos:

- A empresa deberá aportar o dato de augas pluviais xeradas xunto co cálculo xustificativo no período máximo de seis (6) meses trala resolución do permiso municipal de vertedura.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

De acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento, debido a que neste caso as verteduras non comportan un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, o Servizo considera que non será necesario a realización de autocontrois por parte da empresa.

O plan de seguimento e control levado a cabo pola empresa xestora proposto comprende unha (1) inspección e toma de mostra do vertido anual, con periodicidade anual. A toma de mostra poderá ser puntual ou integrada. O plan de seguimento e control dará comezo nun mes a partir da emisión deste informe, indiferentemente da súa resolución, debido ao estado activo das instalacións.

Realizaranse inspeccións nos supostos nos que sexan realizados cambios nas instalacións ou na actividade desenvolta que poidan afectar á calidade e volume das augas de vertedura, así coma en caso de sospeitarse de vertidos que poidan estar afectando as instalacións de saneamento e depuración municipais. De cada inspección o Servizo emitirá un informe para o control e seguimento do permiso de vertidos, a petición do Concello.

O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR e terá unha validez máxima de oito (8) anos, renovable por períodos idénticos (artigo 15.5 da OVR).

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da OVR).

Debido ás características cuantitativas e cualitativas do caudal de vertido da empresa, o Servizo non considera necesario a emisión de informes de autocontrol por parte da empresa.



k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

O Servizo non considera necesario esixir un informe periódico ao usuario.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso da empresa Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A., a empresa debe entregar o Plan de Emerxencias en caso de derrames. A continuación axúntanse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa concesionaria do servizo de saneamento, actualmente Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- Viaqua Central (24 h): 900201230
- Garda Viaqua: 609811249
- EDAR de Ribeira: 663139299
- Policía Municipal de Ribeira: 981871178
- Protección Civil: 981876029

2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 h o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluírá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas “*in situ*”.
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, “Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.”, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu



cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

Non procede.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Dispositivos de seguridade/almacenamento:

A empresa deberá presentar, nun prazo máximo de seis (6) meses trala resolución do Permiso municipal de vertedura, un Plan de Emerxencia en caso de derrames conforme a lexislación sectorial aplicable, onde se deben indicar os dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias e produtos líquidos susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros (produtos de limpeza, aceites, combustibles...).

Xestión de residuos:

A empresa presenta documentación que acredita unha correcta xestión dos residuos xerados mediante a recollida destes por xestor autorizado.

RESIDUOS			
Denominación	LER	Cantidade estimada	Xestor
Envases compostos	150105	Non aportada	ACTECO PRODUCTOS Y SERVICIOS S.L.

No caso de comezar a ofrecer servizos de incineración/cremación, a empresa deberá garantir a correcta xestión dos residuos xerados.

A empresa deberá asegurar que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación; garantindo en todo caso que se impida calquera afección ao medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores, manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza.

A empresa debe entregar un rexistro das cantidades xeradas de cada residuo de forma anual. Poderán solicitarse as correspondentes xustificacións documentais de ditos envíos ao xestor.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

